# Concello de Guitiriz

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2019/21 | A Xunta de Goberno Local |

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: «Necesidade de aprobar expedientes urxentes que non poden esperar á seguinte sesión ordinaria do día 17/07/2019» |
| **Data** | 15 de xullo de 2019 |
| **Duración** | Desde as 11:05 ata as 11:15 horas |
| **Lugar** | Alcaldía |
| **Presidida por** | Marisol Morandeira Morandeira |
| **Secretario** | Rafael José del Barrio Berbel |

### ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| | Carlos Plácido Buján López | SÍ |
| | Ivan Morado Corral | SÍ |
| | Laura Ageitos Miragaya | SÍ |
| | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ |
| | Paula Campo Barral | NON |

**Escusas de asistencia presentadas:**
1. Paula Campo Barral:
«Ausencia xustificada»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Marisol Morandeira Morandeira (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 15/07/2019
HASH: 8836d87e5f0395ca4e50f592fc07430b

Rafael José del Barrio Berbel (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 15/07/2019
HASH: af70a6c0fee53680b19a2fa050ba6cb0

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0022 Data: 15/07/2019

Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Adxudicación contrato "Servizo de roza de cunetas, beiravías e noiros das vías e camiños de competencia municipal do Concello de Guitiriz. Ano 2019." Expte. 434/2019.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Adxudicación contrato "Servizo de roza de cunetas, beiravías e noiros das vías e camiños de competencia municipal do Concello de Guitiriz. Ano 2019." Expte. 434/2019.

Por Decreto de alcaldía nº 0430 de data 21/05/2019 incoase o expediente de contratación de referencia por procedemento aberto simplificado, xustificándose a necesidade do contrato, a insuficiencia de medios e idoneidade do mesmo, a división ou non en lotes do obxecto do contrato, e o procedemento de contratación elixido; e solicitáronse os informes e trámites preceptivos previos á aprobación do expediente para a súa licitación.

Por acordo da XGL de data 22/05/2019 aprobouse o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación e publicando o correspondente anuncio na Plataforma de Contratación do Estado.

Vistos os informes xurídicos do secretario da Corporación de data 21/05/2019 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e de data 21/05/2019 sobre a adecuación á legalidade do expediente tramitado.

Visto o certificado de retención de crédito de data 21/05/2019, o informe de intervención de estabilidade orzamentaria e fiscalización de data 21/05/2019.

Vistas as 2 ofertas presentadas durante o prazo de presentación de proposicións:

-T. A. Isidro Hermanos Blanco Trigo SL

- Gestal y López SL

Vistas a actas da mesa de contratación de datas 19/06/2019 e 4/07/2019 coas valoracións das ofertas presentadas cos seguintes resultados:

*1. T. A. Isidro Hermanos Blanco Trigo SL*

- *Lote 1: 140 € mais 29.40 € de IVE, cun total de 169,40 €*
- *Lote 2: 140 € mais 29,40 € de IVE, cun total de 169,40 €*

*2. Gestal y Lopez SL*

- *Lote 1: 140 € mais 29.40 € de IVE, cun total de 169,40 €*
- *Lote 2: 140 € mais 29,40 € de IVE, cun total de 169,40 €*



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0022 Data: 15/07/2019
Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

A mesa de contratación de data 4/07/2019 resolve o empate a favor da empresa Gestal y López, S.L., por non admitir a xustificación presentada polo licitador Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo SL, por non estar acreditado con contratos de traballo e cotizacións na SS na forma establecida nos pregos e no requirimento de desempate enviado aos licitadores. En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, realiza ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato á empresa Gestal y Lopez S.L con CIF B15464795, requirindo previamente ao licitador de conformidade co establecido na cláusula 27 dos PCAP, para que aporte a seguinte documentación no prazo máximo de 7 días hábiles:

*- Garantía definitiva por importe do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE (Lote 1:5% de 22919,82 = 1.145,99 e Lote 2: 5% de 23.182,74=1.159,14 €. Total garantía: 2.305,13 €) (apartado 14 do Anexo I do PCAP)*

*-Compromiso ao que se refire o artigo 75.2 conforme ao modelo do Anexo V do prego e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir a execución do contrato conforme o artigo 76.2.*

*-Subscrición das pólizas que se indican no apartado 16 do Anexo I dos pregos.*

Vista a documentación presentada pola empresa Gestal y Lopez SL con data 11/07/2019.

Visto o informe de fiscalización de intervención de data 11/07/2019.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:
-Os artigos 28, 99 a 102, 116, 117, 12*2, 124, 131 a 159,* Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimoquinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
-*O* Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.
-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De acordo coa atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e a Resolución da Alcaldía con data 19/06/2018 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0022 Data: 15/07/2019
Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 6

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO: Establecer o seguinte orde de clasificación das ofertas no contrato de servizo "Servizo de roza de cunetas, beiravías e noiros das vías e camiños de competencia municipal do Concello de Guitiriz. Ano 2019" de acordo coa proposta da Mesa de Contratación de data 4/07/2019:

1º.- Gestal y Lopez SL

2º.- Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo SL

SEGUNDO.- Adxudicar á empresa Gestal y Lopez SL, con CIF B15464795, como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación, o seguinte contrato *coas* seguintes condicións ofertadas polo licitador e previstas nos pregos da contratación:

| | |
|---|---|
| Tipo de contrato: administrativo | |
| Subtipo do contrato: servizos | |
| Obxecto do contrato: "Servizo de roza de cunetas, beiravías e noiros das vías e camiños de competencia municipal do Concello de Guitiriz. Ano 2019" | |
| Procedemento de contratación: aberto simplificado | Tipo de Tramitación: ordinaria |
| Código CPV: 50224200-3 | |
| Prezo de adxudicación:<br>Lote I: 140 € mais 29.40 € de IVE, cun total de 169,40 €.<br>Prezo final 27.732,98 IVE engadido.<br><br>Lote II: 140 € mais 29,40 € de IVE, cun total de 169,40 €.<br>Prezo final 28.051,11 IVE engadido. | |
| Duración da execución: 45 días | Duración máxima: 45 días |
| División en lotes: Si | Número de lotes: 2 |
| Condicións de execución: a execución do contrato realizarase conforme aos pregos reguladores da contratación e conforme a oferta presentada polo licitador. | |

TERCEIRO.- Aprobar o gasto que para este Concello representa a contratación de referencia por importe de 55.784,10 euros (IVE engadido) para o ano 2019 con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

CUARTO.- Designar como responsable do contrato ao técnico do servizo de medio ambiente e infraestruturas do Concello, don José Cornide Río, coas funcións previstas no artigo 62 da LCSP. O departamento ou unidade municipal encargada do seguimento ordinario do contrato será a Unidade de infraestruturas.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados, e emprazar ao



Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

adxudicatario para a sinatura urxente do contrato administrativo no prazo máximo de dez días.

SEXTO.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días e comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato por medios electrónicos

**Expediente 546/2019. Organización e Disposicións Comúns de Control Interno**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

ASUNTO: APROBACION FRA. XGL. ARTURO GOMEZ ROCA (Reparación camiño Ameixeiras – Labrada). Remanentes Plan Único 2018.

Dna. Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa – presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.
Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Factura 019 de data 14/05/2019, rexistrada con data 14/06/19 e número rexistro 3169 de Arturo Gómez Roca.
- Dilixencia prestando conformidade da factura do Técnico de Medio Ambiente.
- Providencia de alcaldía
- Informe de fiscalización de data 11/07/2019.

| Código Relación: 216 | | | Descripción: REL. FRA. REX. 14/06. ARTURO GOMEZ (AMEIXEIRAS) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Reg | Fec. Reg. | Nº Factura | Fec. Fac. | Dni/Cif | Razón Social | Área | Importe | I.V.A | Dctos. |
| 3169 | 14/06/2019 | 019 | 14/05/2019 | 76330524X | ARTURO GOMEZ ROCA | | 12.095,04 | 0,00 | 0,00 |
| Concepto: REPARACION CAMIÑO EN AMEIXEIRAS | | | | Operación: O | | Imp. Líquido: 12.095,04 | | | |
| | | | Partidas Presupuestarias | | | | | | |
| | | | 45361900 | OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURA | | | | | 12.095,04 |
| Total Relación... | Imp. Presupuesto: 12.095,04 | | I.V.A: 0,00 | | Dctos: 0,00 | | Imp. Líquido: 12.095,04 | | |

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Artigos 183 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.
- Bases de Execución do Orzamento.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo




Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0022 Data: 15/07/2019

Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 6

común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de Alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados da factura enriba indicada e ordenar o pago da mesma.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunícalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0022 Data: 15/07/2019
Cod. Validación: 6MXSL9G64AME73LHSRSKH33ZG | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178